

urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para os efectos de expropiación para a mencionada obra por Decreto 123/2008, publicado no DOG nº 117, do 18 de xuño de 2008.

Na súa virtude e en cumprimento do disposto no artigo 52 da vixente Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, e 56 e seguintes do regulamento para a súa aplicación, este servizo provincial, no uso das facultades que lle confire o artigo 98 da mencionada lei, resolve convocar os titulares de bens e dereitos afectados para que comparezan no lugar, data e hora que se citan, para proceder ao levantamento das actas previas á ocupación, en que se recollerán os datos necesarios para determinar os bens e dereitos afectados e os prexuízos derivados da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladaren ao lugar dos predios se o consideran necesario.

-Lugar: Concello de Xove, Camiño Real s/n.
Día: 9 de marzo de 2009.
Horario: das 9.30 as 14.30 horas.
De: Abad Abad, Manuel a Canoura Martínez, Manuel.

-Lugar: Concello de Xove, Camiño Real s/n.
Día: 10 de marzo de 2009.
Horario: das 9.30 ás 14.30 horas.
De: Casabella Eijo, Silvestre a Gómez Insúa, José Ramón.

-Lugar: Concello de Xove, Camiño Real s/n.
Día: 11 de marzo de 2009.
Horario: das 9.30 ás 14.30 horas.
De: González Canoura, Antonia a Losada Trabada, María Regina.

-Lugar: Concello de Xove, Camiño Real s/n.
Día: 12 de marzo de 2009.
Horario: das 9.30 ás 14.30 horas.
De: Louzao Rego, Barbara a Quelle Quelle, José Antonio.

-Lugar: Concello de Xove, Camiño Real s/n.
Día: 13 de marzo de 2009.
Horario: das 9.30 ás 14.30 horas.
De: Rego Bermúdez, José a Vilela Álvarez, María Ramona.

-Lugar: Concello Vello de Viveiro, Praza Maior s/n.
Día: 16 de marzo de 2009.
Horario: das 9.30 ás 14.30 horas.
De: Abad Abad, Genoveva a Goas Basanta, Antonio.

-Lugar: Concello Vello de Viveiro, Praza Maior s/n.
Día: 17 de marzo de 2009.
Horario: das 9.30 ás 14.30 horas.
De: Goas Río, Antonio a Pena Otero, Manuel.

-Lugar: Concello Vello de Viveiro, Praza Maior s/n.
Día: 18 de marzo de 2009.
Horario: das 9.30 ás 14.30 horas.
De: Pernas Insúa, Dolores a Vilar Riveira, Carmen.

A relación de titulares cos bens e dereitos afectados, así como os planos parcelarios correspondentes estarán expostos nos concellos de Viveiro e Xove

respectivamente e no Servizo Provincial de Estradas de Lugo (edificio administrativo. Rolda da Muralla, 70. 27071 Lugo).

Ao dito acto deberán acudir os titulares afectados, persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, e achegar os documentos acreditativos da súa titularidade, documento nacional de identidade, e último recibo da contribución, podendo ir acompañados, pola súa conta, se o consideran oportuno, dos seus peritos e notario.

Así mesmo, e en cumprimento do establecido no artigo 56 do regulamento da Lei de expropiación forzosa, ábrese información pública durante o prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no *Boletín Oficial del Estado*, ou ata o momento do levantamento das actas previas á ocupación correspondente, co fin de que os interesados poidan formular por escrito, ante este Servizo Provincial de Estradas en Lugo, as alegacións que consideren pertinentes co obxecto de emendar posibles erros padecidos ao relacionar os bens afectados pola urxente ocupación.

Lugo, 10 de febreiro de 2009.

Gerardo Pallares Sánchez
Xefe do Servizo Provincial de Estradas de Lugo

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 17 de febreiro de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se anuncia a licitación, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a contratación do servizo de migración da plataforma de correo electrónico corporativo desta consellería a unha arquitectura baseada en software libre. (Expediente SXSI 03/09).

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Dependencia que tramita o expediente: Subdirección Xeral de Sistemas Informáticos

c) Número de expediente: SXSI 03/09.

2. Obxecto de contrato.

a) Descrición do obxecto: contratación do servizo de migración da plataforma de correo electrónico corporativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a unha arquitectura baseada en software libre. CPA-2008: 62.01.12. CPV: 72263000-6.

b) Lugar de realización: Subdirección Xeral de Sistemas Informáticos.

c) Prazo de execución: 1 ano.

3. Tramitación e procedemento.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

4. Orzamento base de licitación.

Importe total: 200.000 euros.

5. Garantías.

Provisional: 5.172,41 € (3% do importe de licitación sen IVE).

6. Clasificación.

a) Clasificación da empresa: grupo V, subgrupo 2, categoría B.

7. Obtención de documentación e información.

7.1. Información:

a) Entidade: Oficina de Información da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Domicilio: edificio San Caetano, s/n. Santiago de Compostela.

7.2. Adquisición de pregos:

a) Teléfono: 981 95 75 22 ou 981 54 44 47.

b) Domicilio: Subdirección Xeral de Sistemas Informáticos. Edificio administrativo San Caetano s/n. 15781 Santiago de Compostela.

c) Así mesmo, poderanse obter os pregos relativos a esta contratación no seguinte enderezo da internet:

<http://www.xunta.es/contratacion/resultado.jsp?N=11604>

8. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: quince días contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ás 14.00 horas.

b) Documentación que deben presentar: a sinalada no punto 7 do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación:

1ª) Entidade: rexistro xeral da Xunta de Galicia ou por correo.

2ª) Domicilio: edificio administrativo San Caetano, s/n.

3ª) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15781.

9. Apertura das ofertas.

a) Entidade: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Domicilio: edificio administrativo San Caetano, s/n.

c) Localidade: Santiago de Compostela.

d) Data e hora: o oitavo día hábil contado desde o día seguinte ao da finalización do prazo para presentar ofertas, ás 13.00 horas

10. Gastos de anuncios: por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2009.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Resolución do 11 de decembro de 2008, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 08/692-4).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Hidroeléctrica de Silleda, S.L.*

Domicilio social: avda. do Parque 11, apdo. 6, 36000 Silleda.

Denominación: proxecto L.M.T.S.-C.T. e R.B.T. na rúa Estación e Morón.

Situación: concello de Silleda.

Características técnicas: tramo subterráneo de 500 m que parte do C.T. Estación para alimentar as L.M.T.S. da zona, e L.M.T.S. que conecta co novo C.T. Caseta do Boi. Construción C.T. avda. Estación de 630 kVA en caseta prefabricada. Tramo R.B.T. de 300 m para dar servizo a rede existente e edificio de nova construción.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións, nesta delegación provincial, rúa Eduardo Pondal 64, 36071 Pontevedra, no prazo de vinte días. Así mesmo, e durante o mencionado prazo, tamén se poderá examinar o proxecto da instalación.

Pontevedra, 11 de decembro de 2008.

Montserrat Prado Cores
Delegada provincial de Pontevedra